



Concello de Ribeira de Piquín

BANDO

AXUDAS EXPLOTACIÓNS AGRÍCOLAS

O martes día 9 de febreiro saíu publicada no DOG a orde da Consellería de Medio Rural sobre as axudas para apoio aos investimentos nas explotacións agrícolas, creación de empresas para os agricultores mozos e para a creación de empresas para o desenvolvemento de pequenas explotacións.

REQUISITOS XERAIS

- Cumprir a condición de persoa agricultora activa no momento da solicitude. No caso de persoas agricultoras mozas, esta condición deberase cumprir dentro dos 18 meses seguintes á concesión da axuda.

REQUISITOS ESPECÍFICOS

- Ter entre 18 e 40 anos de idade, ambos incluídos (creación de empresas para os agricultores mozos).
- Ser titular dunha explotación agraria inscrita, polo menos cunha antigüidade dun ano, no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (apoio aos investimentos nas explotacións agrícolas).
- Ser titular dunha pequena explotación agraria inscrita, polo menos cunha antigüidade dun ano dende a data de publicación da orde, no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (creación de empresas para o desenvolvemento de pequenas explotacións).

GASTOS SUBVENCIONABLES E CONTÍAS

1- Creación de empresas para os agricultores mozos.

A axuda concederáse pola execución do plan empresarial e consistirá nunha prima cuxa contía básica se establece en 20.000 €, e poderá incrementarse ata os 70.000 € nas seguintes situacións:

- De acordo co volume de gasto necesario, a prima pode aumentarse ata o valor de 45.000 €.
- Creación de emprego adicional a tempo completo na explotación, ademais da man de obra correspondente ao mozo/a instalado: 20.000 €.
- Explotación localizada nunha zona con limitacións naturais ou outras específicas: 5.000 €.

2- Apoio aos investimentos nas explotacións agrícolas.

Os custos subvencionables son:

- A reforma ou construción de instalacións e compra de maquinaria que reduzan custos ou incrementen a produtividade.
- A compra de construcións agrarias en desuso.
- Os honorarios dos enxeñeiros, estudos de viabilidade, permisos e licenzas.
- Plantación e mellora de cultivos leñosos de aptitude frutícola.
- A compra de terreos por un valor inferior ao 10% do custo subvencionable.
- Adquisición ou desenvolvemento de programas informáticos.
- No caso de investimentos que inclúan actuacións de rega deberán cumprirse os requisitos establecidos na orde.

Establécese un investimento mínimo de 5.000 € para poder ser subvencionable. O volume total do investimento máximo subvencionable será de 120.000 €/UTA, cun máximo de 500.000 €, nun período de catro anos.

O importe da axuda será do 30% dos custos elixibles, podendo incrementarse ata un 50%.

3- Creación de empresas para o desenvolvemento de pequenas explotacións.

A axuda consistirá nunha prima de 15.000 € e concederáse pola execución do plan empresarial que terá unha duración de 18 meses desde a aprobación da axuda.

PRAZO:

O prazo de presentación de solicitudes comezará ao **día seguinte ao da publicación da orde no DOG e rematará o 9 de marzo.**

Para calquera información contactar coa Axente de Emprego e Desenvolvemento Local no Concello de Ribeira de Piquín, que estará á súa disposición de 9:00 a 14:00 horas.

Ribeira de Piquín, a 9 de febreiro de 2022.

O Alcalde.

Asdo.- Roberto Fernández Rico

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

